



COMUNICACIÓN DE RESOLUCIÓN

SUBVENCIONS AS ORGANIZACIONS SINDICAIS

ORDE CONVOCATORIA: 22.03.2018 (DOG nº 69; 10.04.2018)

PROGRAMA I: AXUDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS DAS CENTRAIS SINDICAIS DURANTE O ANO 2018

EXPEDIENTE: 2018/02

FEITOS

1. Con data do 25/04/2018 Julio Díaz Escolante, en representación da organización sindical ANPE Sindicato Independiente presenta solicitude para acceder ás axudas previstas no Programa I da Orde do 22 de marzo de 2018, pola que se regula o réxime de subvencións ás organizacións sindicais para o ano 2018.
2. A comisión de valoración, prevista no artigo 15.2 e 3 da orde de convocatoria, informou que a solicitude da central sindical referida foi presentada dentro do prazo fixado e xunto coa documentación esixida no artigo 11 da citada orde e que cumpre os requisitos establecidos na mesma. A organización sindical solicitante ten representación na Comunidade Autónoma de Galicia e é beneficiaria desta axuda, de acordo cos artigos 3 e 5 da orde de convocatoria e os artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. Con data do 01/06/2018 a subdirectora xeral de Relacións Laborais dita proposta de resolución, tendo en conta as consideracións da comisión de valoración, o crédito orzamentario existente así como o criterio de distribución proporcional establecido, e propón a concesión a central sindical solicitante da axuda relativa ao Programa I da Orde do 22 de marzo de 2018, por un importe de 1.437,03 €
4. Na tramitación deste expediente observáronse todos os requisitos e prescricións legais.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1. Artigos 3, 5, 15 e 16 da Orde do 22 de marzo de 2018 pola que se regula o réxime de subvencións ás organizacións sindicais para o ano 2018.
2. Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria (DOG nº 18, do 25 de xaneiro de 2018).
3. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

RESOLVO

1. Conceder á organización sindical **ANPE Sindicato Independiente** unha subvención por importe total de **1.437,03 €**, en concepto de axudas para o desenvolvemento das actividades ordinarias das organizacións sindicais durante o ano 2018 (Programa I), con cargo á aplicación orzamentaria 09.40.324A.481.6 da Secretaría Xeral de Emprego.

